



## ACTA DO XURADO DO XV PREMIO COAG DE ARQUITECTURA

Na Coruña, sendo as 11.00 horas do día 13 de febreiro de 2013, reúnese o Xurado do XV Premio COAG de Arquitectura. De acordo co previsto nas Bases do Concurso, o Xurado está integrado polos seguintes membros:

**Presidente:**

O Sr. Decano do Colexio de Arquitectos D. Jorge Duarte Vázquez

**Vocais**

D. Juan Domingo Santos

D. Jose María Sánchez García

D. José María Echarte Ramos

**Representante da Escola de Arquitectura da Coruña**

D. Fernando Agrasar Quiroga

**Secretario:**

O Presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos, D. Fernando Martínez López

Procédese ó exame dos finalistas.

En primeiro lugar, quérese facer mención expresa, sobre todo por parte dos membros do xurado que veñen de fora da nosa comunidade, a grande calidade dos proxectos presentados, facendo que calquera decisión cometese inxustizas con outros compañeiros que tamén podían ser merecedores destes premios.

A selección dos gañadores e a motivación dos mesmos é a seguinte:

### **A\_VIVENDA**

**Rehabilitación de 7 edificacións para 9 vivendas e local comercial**

Rúa Ferreira 11,13,17,19 e S. Sebastián 1,3,5,7 Vigo

Francisco Javier Vázquez Fernández | Perfecto Cendón Domínguez | Cendón-Vázquez Arquitectos SCP

O xurado destaca este proxecto por ser un exemplo de intervención en vivendas dun casco histórico, nunha zona moi degradada, servindo para rexenerar un ámbito urbano. Valórase a singularidade da proposta e cómo homoxeniza a intervención dun elemento como as carpinterías, conferíndolle carácter e personalidade, pero sempre desde a contención e a economía de medios. Destacouse tamén a flexibilidade do espazo.



## **B\_ EQUIPAMENTO**

### **Centro Socio-Cultural Ágora A Coruña**

Parcelas. Z-2-EQ-5, S-2, San Pedro de Visma, A Coruña

Liliana Claudia Obal Díaz | Luis Rojo de Castro | Begoña Fernández-Shaw Zulueta

Enténdese que o edificio non só é un referente de barrio senón tamén de cidade, xerando coa súa implantación espazos urbanos de calidade, sendo un polo de actividade e polo tanto de cidade. No interior, continuase cunha secuencia fluída e agradable de espazos, que van resolvendo naturalmente a complexidade dun programa de moi diversas escalas.

## **C\_ ESPAZOS ABERTOS PÚBLICOS**

### **Reintegración urbana do patrimonio cultural da Chaínza (fase 1)**

Chaínza, Noia

Alfonso Salgado Suárez | Francisco Xabier Liñares Tuñez | Salgado e Liñares S.L.P.

Valórase a intervención de calidade nun entorno rural e a recuperación dos espazos tradicionais coas técnicas e linguaxes contemporáneas. Sen prexuízos, pero con contención e delicadeza.

## **D\_ ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

### **A Cidade dos Barrios**

A Coruña

Estudio MMASA + Ergosfera + Desescribir + Pescadería 20 + Grupo Dodo.

O xurado destacou nesta proposta a creación dunha metodoloxía de estudo do espazo urbano, sistemática e exportable, que devolve o protagonismo ao protagonista da cidade que é o usuario.

## **E\_ REFORMA INTERIOR**

### **Rehabilitación de edificación para sede dunha fundación**

Rúa de Padín - A Baña NEGREIRA

Elizabeth Ábalo Díaz | Gonzalo Alonso Núñez | abalo alonso arquitectos

A calidade da proposta recae na delicadeza da intervención, reinterpretando unha tipoloxía tradicional. Valórase a naturalidade dos materiais e acabados.



## F\_DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

ex-aequo

### **Spanish Dream**

Galicia

Ana Amado Pazos | Luz Paz Agras | Marta Marcos Maroño

### **A Cidade Intuida**

Santiago de Compostela

Javier Fernández Muñoz, Carlos Quintáns Eiras, coordinadores

Nesta categoría, o xurado entendeu que estas dúas propostas son dúas caras dunha mesma moeda. É autocrítica có pasado, por un lado, e proposta de futuro polo outro. Por un lado arte e polo outro reflexión. Unha proposta exemplo de divulgación e outra de investigación.

## G\_OBRA NOVEL

### **Reforma da Facultade de Dereito da UDC para a súa adaptación ao EEES**

Campus de Elviña s/n CORUÑA (A)

Elena Sarmiento Díez | Adrián Martín Prieto

O xurado resalta a estratexia proxectual da modificación do exterior para mellorar un interior, modificando desde a contemporaneidade, a contención e a economía, un espazo existente.

## H\_FINAL DE CARREIRA

### **Desenrolo rural integral da Comunidade agraria María do Mar**

Departamento de Retalhuleu, Guatemala

Carmen Pérez Parapar

Valorouse cómo se resolve un asentamento rural nun entorno tan diferente do que estamos acostumados, dando unha resposta real e crible, dende a arquitectura e a técnica, mais alá de ser un proxecto de cooperación.



Dase por rematada a reunión do Xurado do XV Premio COAG de Arquitectura, de todo o cal, como Secretario, certifico e asinan comigo todos os membros no lugar e data indicados no encabezamento.

The image shows several handwritten signatures in blue and black ink. There are four distinct signatures: one in blue on the left, one in blue in the middle, one in black on the right, and a larger signature in black at the bottom center.